

**CONCELLO
DE VIGO**



**VIGO
EN GALEGO**



2022

No verán... Un conto!



CONCELLO DE VIGO



PÚBLICO FAMILIAR E INFANTIL (actividades ao aire libre)

Cores, contos e Rock'n'roll con Ramona Órbita
(Pakolas e Laura Romero)

CORES, CONTOS & ROCK'N'ROLL

CON
**RAMONA
ÓRBITA**

**PAKOLAS
LAURA ROMERO**



Esta actividade chega da man de Pakolas como un espectáculo de pequeno formato onde a interacción coas nenas e nenos, a súa música acompañada por contos e historias, e as cores e debuxos en directo de Laura Romero son o principal atractivo para o público. Esta proposta multidisciplinar crea así unha escena na que non só se pode gozar da música, senón tamén do debuxo e as cores que a rodean. Un espectáculo para todos os sentidos (musical e ilustracións en directo).

Duración: 50 minutos
Para público familiar
Idades recomendadas de 4 e 9 anos

Venres, 8 de xullo ás 20:00 na praza da Independencia

Mércores, 27 de xullo ás 20:00 na alameda de Bouzas (Suárez Llanos)

CONCELLO DE VIGO



O conto da Barriga Verde (Fran Rei)



Narración oral e monicreques
Idade recomendada: + 4 anos

Fran Rei presenta un novo espectáculo unipersoal que mestura narración oral, humor e maxia: O conto da Barriga Verde. Escrito por Avelino González a partir de tres obras de Manuel María (Barriga Verde, Os soños na gaiola e Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela).

O conto da Barriga Verde pretende ser un achegamento á poesía, prosa e teatro do autor lucense a quen se lle dedica o Día das Letras 2016. Nesta sinxela historia, Fiz, un mozo labrego galego, terá que enfrontarse ao Serrador e ao Demo polo namoramento da sempre belida Moza. Coa axuda da maxia do seu padriño Barriga Verde, vello e neno demostrarán ao mesmo tempo que nada é máis forte que o amor verdadeiro. "Aquí sigo: ledo, ufano, satisfeito de estar vivo. Mentras o tempo me gasta: paseo, leo e escribo...!" (Manuel María, Os Soños na Gaiola, 1968)

Duración: 55 minutos

Martes, 12 de xullo ás 20:00 en Teis (fronte ao mercado/praza de abastos)

Martes, 23 de agosto ás 20:00 na praza da Miñooca

CONCELLO DE VIGO



Unhas lentes como as do avó (Caxoto Contacontos e Gema Santos)



**Tamén en
lingua de
signos**

Tipo de actividade: narración oral inclusiva (tamén en lingua de signos)
Idade recomendada: + de 3 anos

No 2016 baixo o paraugas do Festival Atlántica xermola unha idea longamente acariciada entre Gema Santos (intérprete de signos) e Caxoto (narrador oral): Crear un espectáculo de contos onde a lingua de signos e a lingua oral convivisen de igual a igual enriba do escenario. Desta maneira nace o espectáculo “Unhas lentes como as do avó”. Nel as dúas linguas xogan e danzan a unha coa outra, mostrándose e escondéndose dando lugar a unha fermosa historia narrada e coreografiada que deleita por igual ao público xordo e ao público ouvinte.

Actualmente este espectáculo segue xirando por auditorios e teatros de toda Galicia e está en proxecto a creación dun novo espectáculo que siga afondando nesta convivencia escénica.

Escollemos este espectáculo porque a parte de contar unha historia ensina aos asistentes a signar certas palabras. É un espectáculo moi participativo.


Venres, 12 de agosto ás 20:00 no Calvario (fronte ao mercado/praza de abastos)

Venres, 2 de setembro ás 20:00 na rúa das Teixugueiras, nos xardíns entre os números 8 e 10. Navia

CONCELLO DE VIGO



Brinca vai (Paco Nogueiras)



Tipo de actividade: concerto

O músico e actor Paco Nogueiras vai aos seus espectáculos cos seus instrumentos e a súa querida Máquina nunha divertidísima viaxe chea de humor, baile e cancións. As alegrías, as amizades, os libros, a poesía, a ecoloxía, as festas do ano (o Magosto, o Samaín, o Entroido, o Nadal) e o respecto á nosa lingua son parte do repertorio. Unha fantástica oportunidade de saltar e pasalo ben cos amigos e amigas nun particular camiño onde a música convértese en sorriso.

Xoves, 14 de xullo ás 20:00 na praza da Lagoa, As Teixugueiras, 18-20. Navia

Xoves, 25 de agosto ás 20:00 na praza da Independencia

CONCELLO DE VIGO



Som voltas! (Servando e Contradanza)



Grupo de música tradicional basicamente galego-portuguesa que tamén explora ritmos e danzas procedentes doutros folclores.

Nos seus espectáculos ao vivo alternan cantigas e danzas tradicionais con sinxelas guías de danza para quen quixer poida participar nelas.

Duración aproximada do espectáculo: 1 hora e media

Sábado, 16 de xullo ás 20:00 na praza da Pedra

Martes, 19 de xullo ás 20:00 na praza da Miñooca

Venres, 29 de xullo ás 20:00 na praza da Lagoa, As Teixugueiras, 18-20. Navia

Martes, 9 de agosto ás 20:00 en Teis (fronte ao mercado/praza de abastos)

Venres, 19 de agosto ás 20:00 na praza da Independencia

Mércores, 24 de agosto ás 20:00 no Calvario (fronte ao mercado/praza de abastos)



Saaabor! (Culturactiva producións)



Actividade: teatro de rúa
Temática: alimentación saudable

Premio do público Festiclown 2018. Culturactiva presenta a Félix Rodríguez e Fran Rei en *Saaabor!*, unha proposta para todos os públicos, de creación propia e dirixida por Avelino González.

Saaabor! é un espectáculo cómico que mestura música, maxia, humor, ritmo e participación do público, co mundo da gastronomía de fondo. Os nosos protagonistas convértense en dous recoñecidos chefs que nos ofrecen pratos para todos os gustos: desde a comida máis práctica e sinxela ata a máis elaborada, sen esquecer o viño e a sobremesa, elaborando un saboroso menú para toda a familia.

Félix Rodríguez é un actor e músico cunha ampla traxectoria escénica en compañías como Odaiko, Píscore e Trío Refugallo, que nesta ocasión se complementa perfectamente con Fran Rei, cómico que ten participado en máis de 20 montaxes con compañías como Os Sete Magníficos máis Un, Pallasos en Rebeldía ou Acontrabutaca. Xuntos crearon este espectáculo, unha receita chea de sabor que fará as delicias dos padais máis esixentes.

Mércores, 20 de xullo ás 20:00 no Calvario (fronte ao mercado/praza de abastos)

Martes, 30 de agosto ás 20:00 en Teis (fronte ao mercado/praza de abastos)

CONCELLO DE VIGO



Ramona Órbita, a dona do tempo (Pakolas)



Pakolas
Para público familiar, idades
recomendadas de 4 a 9 anos

Pakolas guíaranos coa súa forza interpretativa e o seu humor por todo un universo musical, a través da súa voz e a guitarra, nun espectáculo individual creado polo propio autor, onde a interacción e participación coas nenas e nenos, a animación, as súas caracterizacións e a súa música son o principal atractivo para o público.

En *Ramona Órbita, a dona do tempo*, Pakolas preséntanos o seu último librodisco, editado en Sonárbore, na Editorial Galaxia (agosto-2020).

Neste novo traballo contaremos e cantaremos a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega da Serra do Courel, que posúe unha horta automática con patacas cibernéticas, e ademais ten unha máquina do tempo, o seu mellor invento. Con ela viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor, mais ecolóxico e con enerxías limpas.

Así, a través das cancións e a narración, imos saltando a diferentes épocas. Ramona viaxa á prehistoria a comer churrasco de mamut con Manolo Cavernario que acaba de descubrir o lume, visita a Leonardo Da Vinci no Renacemento, acode ao Antigo Exipto cun tal Ramsés que lle cheiran os pés, ou conversa cun robot que ten unha Roda Rota que se fai chamar Time, etc. Todo ata chegar a Benvidas ao Futuro na que cantamos por unha sociedade mais ecolóxica e concienciada co respecto e coidado á natureza.

Xoves, 21 de xullo ás 20:00 en Teis (fronte ao mercado/praza de abastos)



Obradoiro do conto máxico (Culturaactiva producións)



Obradoiro destinado a nenas e nenos ata 12 anos que ten como obxectivo principal sensibilizar na importancia do coidado do medio ambiente e dar a coñecer a biodiversidade dos bosques autóctonos galegos.

A sesión ten unha duración de 90 minutos onde realizaremos un taboleiro borrable, no que poderán escribir e crear infinitas historias. A través do obradoiro, introducirmonos no fascinante mundo da mitoloxía existente entorno aos bosques galegos.

Para a decoración do taboleiro utilizaremos elementos naturais como follas e froitos de diferentes árbores autóctonas.

Por outra banda, as e os participantes crearán seres mitolóxicos galegos, entre os que poderemos atopar trasnos, meigas, maruxainas, cotovelos e moitos máis.

Obradoiro limitado a 25 prazas (por orde de chegada)

Venres, 22 de xullo ás 20:00 na praza da Independencia

Martes, 26 de xullo ás 20:00 na praza da Miñooca

CONCELLO DE VIGO



Xogos populares (Cultura activa producións)



3 horas de duración cos seguintes xogos populares:

Derruba a Torre. A Rá. Tiralatas. Metediscos. Zancos. Futbolíns. Pescapeixes. Quebracabezas. Labirintos. Tres en raia. Encesta a corda. Remendos. Aros metálicos. Manchas. Corre-camiños. Serpe. Plinko. Encesta na caixa. Bloques de madeira. Sacos. Tartarugas. Dominó. Lanzador XL. Recolle-Recolle. Circuito de chapas. Memori. Billar holandés. Encesta a lata. Pinball. Encesta o caldeiro. Petaco. Pímbola. Etc.

Sábado, 23 de xullo ás 20:00 na praza da Lagoa, As Teixugueiras, 18 e 20. Navia



Xincana pola lingua (Culturactiva producións)



A finalidade da actividade é a de fomentar o emprego da lingua galega concienciando do seu uso dende idades temperás e dar a coñecer os principais autores/as galegos e a súa relevancia na historia. Todo isto feito de forma lúdica e atractiva para os participantes. Durante a hora que dura a actividade as e os nenps terán que ir superando as diferentes probas da xincana.

- **Actividades para os menores de 6 anos (30 participantes)**

A actividade comezará coa breve narración do conto **A festa da lingua**, historia que pon en valor a lingua galega e os valores de convivencia cos que as crianzas aprenderán a importancia de respectar á diversidade.

A través do conto abarcaremos moitos aspectos vencelladas ás linguas, e máis concretamente fomentaremos o uso da lingua galega.

Posteriormente pasaremos a **Carreira de Florencio**: Xogo de habilidade e equilibrio no que percorreren un labirinto para chegar ata un panel, no que asociando ponpóns e cores, formaremos o nome do homenaxeado no Día das Letras Galegas 2022, Florencio Delgado.

CONCELLO DE VIGO



O último xogo chámase ***En que lingua falamos?***: Xogo de relacionar imaxes no que deberán superar diferentes circuitos de obstáculos para relacionar imaxes e aprender o nome de cada debuxo en diferentes linguas como o galego, inglés, francés, lingua de signos...

- **Actividades para maiores de 7 anos (50 participantes)**

Palabras moi galegas: Xogo no que a través dunha ruleta coas letras do abecedario e un dado, os participantes por equipos terá un minuto para crear palabras en galego utilizando a letra que lles toque na ruleta.

Descobre a mensaxe: Circuito de obstáculos no que utilizando códigos e rodas de cifrado as nenas e nenos descubrirán unha mensaxe encriptada.

Carreira das homenaxeadas: Xogo de habilidades e razoamento lóxico no que por equipos deberán relacionar as autoras homenaxeadas nas Letras Galegas ao longo da historia, coas súas obras.

Descifra o título: Xogo de adiviñanza no que a través de emoticonos as cativas/os deberán adiviñar o título das obras de escritoras/es homenaxeadas no Día das Letras Galegas.

Xoves, 28 de xullo ás 20:00 na praza da Independencia

Sábado, 27 de agosto ás 20:00 na rúa das Teixugueiras, entre os números 26 e 28. Navia



O debuxante de soños contra a mala sorte
(Polo Correo do Vento)



Duración: entre 50 - 60 minutos

A chegada dun home misterioso, que di ser debuxante de soños, ao pobo de Malchance cambiará para sempre o destino das e dos seus habitantes.

Xoves, 28 de xullo ás 20:00 na Alameda de Bouzas



Faluzas e o ladrón de paraugas (Bandullo azul)



Actividade: monicreques
Temática: igualdade
Idade recomendada: + 3 anos

Fazulas e o ladrón de paraugas é o espectáculo do exitoso libro de Xosé Lueiro, xa pola terceira edición tras un ano dende a súa estrea. O espectáculo conta a viaxe iniciada por Fazulas, o gato persa de dona Adelaida, na súa teima por saber de que cor é o vento. Para dar resposta a ese misterio, emprenderá unha fantástica aventura, collido á empuñadura dun paraugas. Unha peza baseada no libro do mesmo nome, que trata de sensibilizar á cativada sobre temas como a violencia machista ou os conflitos bélicos. Xosé Lueiro na escrita e creación e Fran Campos poñen en marcha un apaixonante e fermoso espectáculo cunha importante base de lectores xa creada grazas ao éxito do libro.

Mércores, 3 de agosto ás 20:00 no Calvario (fronte ao mercado/praza de abastos)

Xoves, 11 de agosto ás 20:00 na rúa das Teixugueiras, nos xardíns entre os números 8 e 10. Navia



O pozo das señoras (Rilo & Penadique)



Actividade: narración oral e música
Temática: igualdade

É un feixe de historias de recollida, tradicionais e de autor xunto con coplas tradicionais, romances e composicións propias. Con esta proposta queremos achegarnos ás mulleres do noso imaxinario, da nosa vida: lavadeiras da noite, lavadeiras de oficio e de sacrificio, pieiras que coidan dos lobos e bruxas cos dentes de ferro... Cun marcado compoñente de xénero, este espectáculo leva rodando dende 2017 por teatros, auditorios, casas da cultura, lavadoiros, fontes de todo o país.

E grazas a vós non paramos de recoller alegrías!

Venres, 5 de agosto ás 20:00 na praza da Independencia



O esquiío rampante (Polo Correo do Vento)



Duración: entre 50 - 60 minutos

O carballo onde vive Cósimo está enfermo. Só unha gata negra que fai conxuros con manteiga poderá curalo. Pero esta gata vive moi moi lonxe...

Sábado, 6 de agosto ás 20:00 na praza da Pedra



O Peirao (Díaspóra Teatro)



Actividade: teatro con obxectos
Temática: medio ambiente
Idade recomendada: + de 4 anos

Dous pescadores de contos, como mensaxes en garrafas que chegan á beira. Algunhas veñen de preto outras de lonxe e outras non teñen procedencia. Contos para mirar o redor, a natureza, a nós mesmos, para coidala, para coidarnos.

O peirao é un espectáculo sobre o valor da natureza e a relación que temos as persoas con ela. Para querela un pouco máis, para mirala desde un lugar diferente.

Mércores, 10 de agosto ás 20:00 na Alameda de Bouzas

Sábado, 20 de agosto ás 20:00 na praza da Pedra



Contos do Animalario (Vero Rilo)



Actividade: narración oral
Temática: medio ambiente
Idade recomendada: entre 2 e 6 anos
Duración: 40 minutos

“Unha viaxe polos montes, prados e camiños máis verdes que se podenver, chea de encontros cos animais máis maravillosos: toupas choscas, chivos enormes e ogros torpes, pombas doces e dragóns atroces, bechos estranos, cabalos azuis e cantigas de fai anos e non tantos”.


Así define Vero Rilo, este espectáculo no que as palabras roxen coma bestas, asubían como paxaros e corren coma gacelas. As verbas gañan volume de animais, de criaturas, de seres misteriosos, de feras asombrosas. Recrean así unha fauna única que viaxa polo aire grazas á voz e á música de Daboapipa. Dende a gorxa dos artistas á fantasía dos rapaces, cada un dos animais que xorden destes *Contos do Animalario* estimularán a imaxinación dos máis cativos, que gozarán ao descubrir as mil e unha caras que poden ter os animais, reais ou fantásticos, voadores ou de terra, de catro ou máis patas. Daboapipa preséntalles a natureza animal doutro xeito, nun espectáculo dirixido a nenas e nenos de entre dous e seis anos, mais tamén apto para o resto da familia.

Xoves, 18 de agosto ás 20:00 na rúa das Teixugueiras, entre os números 26 e 28. Navia

CONCELLO DE VIGO



O poeta do Miño (Polo Correo do Vento)



Duración: entre 50 - 60 minutos

Polo Correo do Vento contará e debuxará a divertida historia dunha píntega escritora e aventureira que baixa polo río Miño porque quere ver o mar.
Unha homenaxe ao poeta Manuel María.

Venres, 26 de agosto ás 20:00 na praza da Independencia



As do mare (Rilo & Penadique)



Actividade: narración oral e música
Temática: igualdade

Este espectáculo acaba de saír da fábrica en pleno confinamento e quere darlle continuidade a O Pozo das Señorás. ASDOMARE son as mulleres do mar, ou o mar de mulleres. É a senda dos faros que alumean A Maruxaina, A pedra do cu da raíña, Os cantos das conserveiras... Todo o que o mar quita, todo o que o mar deixa.

Mércores, 31 de agosto ás 20:00 na Alameda de Bouzas



MOCIDADE E PÚBLICO ADULTO

Regueifas

ORAL de Galicia e alumnado do CIOV (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo).



A Regueifa é un desafío oral improvisado en verso cunha orixe que, debido ao seu carácter basicamente oral, se perde na noite dos tempos. A súa referencia máis próxima a nós di que durante o banquete das vodas campesiñas era tradición que a parella ou a madriña dos/as acabados/as de casar puxese a disposición dos/das que non foran convidados/as á celebración, un bolo de pan chamado “regueifa”. Ademais, a maneira de ver quen era a persoa á que lle cabía o honor de repartir a regueifa, molete ou biscachón entre os/as presentes era retarse dialecticamente entre eles/as, en verso, meténdose uns con outros, cos contraentes ou cos familiares destes, para ver quen facía gala do maior enxeño e retransca.

Na actualidade, os/as regueifeiros/as practícanse de maneira esporádica cando son convidados/as por algún concello, algunha asociación cultural ou centro escolar para exhibir a súa habilidade en público. A confrontación realízase normalmente por parellas sen que interveña no enfrontamento dialéctico ningunha outra persoa, aínda que é relativamente habitual que cando hai varios/as regueifeiros/as ao final participen todos/as nunha roda na que cada quen fai unha copla.

Duración: entre 45 e 75 minutos

CONCELLO DE VIGO



Mércores, 3 de agosto ás 20:45 no Calvario (fronte ao mercado/praza de abastos)

Sábado, 6 de agosto ás 20:45 na praza da Pedra

Venres, 26 de agosto ás 20:45 na praza da Independencia

Martes, 30 de agosto ás 20:45 en Teis (fronte ao mercado/praza de abastos)

Esta programación de actividades foi elaborada pola
Concellería de Normalización Lingüística



VIGO
EN GALEGO